



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

O Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) vén de publicar o pasado **28 de abril** a convocatoria de 2017 do **PROGRAMA ESTRATÉXICO DE CONSORCIOS DE INVESTIGACIÓN EMPRESARIAL NACIONAL (CIEN)**, dotada con **100 millóns de euros**.

A través desta convocatoria financian **grandes proxectos de investigación industrial e desenvolvemento experimental**, realizados por consorcios empresariais en colaboración con centros de investigación e orientados á realización dunha investigación planificada en áreas estratéxicas de futuro e con proxección internacional.

Os **beneficiarios** desta axuda son **consorcios empresariais**, formados por un mínimo de tres e un máximo de oito empresas, e deben contar coa **participación relevante de organismos de investigación**. De feito, un 15% do orzamento total do proxecto debe estar destinado á subcontratación con organismos de investigación.

O **orzamento financiable** dos proxectos debe oscilar entre os **5 e os 20 millóns de euros** e, como novidade desta edición, os proxectos deberán ter un orzamento dedicado a **actividades de investigación industrial superior ao 50% do orzamento total**. A modalidade de financiamento será a través dunha **axuda parcialmente reembolsable** de até o 75% do orzamento financiable e un tramo non reembolsable de até o 33% da axuda aprobada por CDTI.

O prazo de presentación de solicitudes **pecha o 4 de xullo ás 12.00 horas**. A información completa da convocatoria está dispoñible na sección **Financiamento de proxectos de I+D+i da web de CDTI**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).

---

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS  
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

